

A disolución e entrada en período de liquidación da cooperativa, iso sí, provoca unha sustancial alteración do réxime xurídico e do estatuto dos seus órganos sociais. Así, en primeiro termo, provoca a substitución dos administradores polos liquidadores. A Asemblea Xeral, en segundo lugar, permanece, pero só ós efectos de adoptar os acordos precisos ós efectos da liquidación da cooperativa. Así o prevé o artigo 89.5 da Lei de Cooperativas de Galicia, segundo o cal “durante o período de liquidación observaranse as normas legais e estatutarias aplicables sobre réxime das asembleas xerais. Estas serán convocadas polos liquidadores, que as presidirán e lles darán conta da marcha da liquidación para que acorden o que conveña ó interese común”.

Se, pese ó anterior, a cooperativa continúa coa súa actividade ordinaria, e a Asemblea é convocada polos administradores para adoptar acordos alleos á liquidación da cooperativa, os acordos adoptados pola Asemblea serán nulos de pleno Dereito. Pero esta nulidade producirase, non porque a cooperativa careza xa de personalidade xurídica –como se indica na sentenza recorrida– senón por infracción das normas reguladoras da Asemblea. En primeiro termo, porque unha vez disolta a cooperativa a Asemblea só pode ser convocada e presidida polos liquidadores, e non polos administradores. E, en segundo lugar, porque a Asemblea debe ser convocada para os efectos da liquidación.

Por esta razón, inda que a sentenza que comentamos declara acertadamente a nulidade dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral dunha cooperativa xa disolta polo vencemento do seu período de duración, erra –baixo o noso punto de vista– na identificación da causa de nulidade. Esta non pode atoparse –como se afirma na sentenza recorrida– na extinción da personalidade xurídica da cooperativa (que se mantén ata a cancelación rexistral) senón nalgunha das causas de carácter formal ou material antes apuntadas.



Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 165-168

## **ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR FIXACIÓN DOS PREZOS DO TRANSPORTE DE PEIXE NO PORTO DA CORUÑA**

Fernando GARCÍA CACHAFEIRO

### **I**

A Comisión Nacional da Competencia dictou unha resolución de 25 de xuño de 2009 (Expediente 2794/09, dispoñible en [www.cncompetencia.es](http://www.cncompetencia.es)) pola que se acorda o arquivo da denuncia presentada pola cooperativa de transporte maioritaria no porto de Vigo, Transfrío SCG, contra a cooperativa de transporte máis importante do porto da Coruña, Transpeco SCG, e a patronal de empresarios do transporte desta cidade (ASCENTRA), aos que acusa de pactar os prezos do transporte e de repartir os mercados no porto da Coruña.

A denunciante, Transfrío SCG, é unha cooperativa dedicada ao transporte de peixe fresco desde portos pesqueiros de orixe ata os puntos da Península Ibérica, que desenvolve a súa actividade fundamentalmente no Porto de Vigo, dispoñendo dunha flota de máis de 100 camións

As denunciadas son, dun lado, Transpeco SCG., tamén dedicada ao transporte de mercancías, sendo aproximadamente a metade da mercancía transportada peixe fresco, concentrando a súa actividade primordialmente no porto da Coruña, no que transportou durante o ano 2007 máis de 12.000 toneladas. Doutro lado, a denuncia diríxese tamén contra a Asociación Coruñesa de Empresarios de Transporte (Ascentra), á que pertencen a maioría dos transportistas autónomos da cidade e á que tamén pertencen varios dos cooperativistas de Transpeco.

En concreto, a denuncia de Transfrío SCG enumera unha serie de feitos consistentes en impedir a entrada e saída de camións do porto da Coruña por medio de ataques e ameazas aos camioneiros socios da denunciante. Tales

feitos tiveron unha gran repercusión nos medios de comunicación, como se pode comprobar polas reportaxes publicadas por La Voz de Galicia entre o 23 febreiro e o 11 de marzo de 2007, e motivaron a interposición de diversas querelas criminais contra as persoas que interviñeron nos mesmos.

## II

O art. 1 da Lei de Defensa da Competencia prohibe os acordos, decisións de asociacións de empresas e prácticas concertadas que teñen por obxecto ou efecto restrinxir a competencia no mercado e, en particular, aqueles que consisten en fixar os prezos ou repartirse os mercados. Os acordos adoptados entre os membros dunha cooperativa poden constituír un acordo entre empresarios aos efectos de aplicar o Dereito da competencia, á vez que as ordes ou recomendacións dos órganos directivos da cooperativa poden examinarse como decisións ou recomendacións de asociacións de empresas a estes efectos, pois no denominado Dereito antitrust o que importa son as consecuencias da conducta dos empresarios –neste caso, o aliñamento dos prezos ou a repartición dos mercados- e non a forma en que dita coordinación de conductas leva a cabo –estatutos ou acordos da asemblea dunha cooperativa, acto de administración dos seus órganos de dirección, etc.-.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas confirmou, en efecto, que as disposicións estatutarias dunha cooperativa, poden constituír un acordo ou decisión prohibida pola lexislación *antitrust*, cando teñen un obxecto ou efecto restrictivo da competencia no mercado. Así, no caso *Goettrup-Klim v. Dansk Landbrugs Grovvarereselskab*, en resposta a unha cuestión prexudicial exposta por un tribunal danés, o TXCE declarou que «unha sociedade cooperativa (de compras) é unha unión voluntaria de persoas constituída para a consecución de obxectivos comerciais comúns. A compatibilidade dos Estatutos de tal sociedade coas normas comunitarias sobre a competencia non pode apreciarse de xeito abstracto. Áchase en función das disposicións estatutarias concretas da sociedade e das condicións económicas dos mercados afectados» (Sentencia de 5 de decembro de 1994, Rec. I-05641 [1994]).

Con todo, tampouco están prohibidas as disposicións estatutarias das cooperativa que sexan consecuencia directa da aplicación dunha lei, a tenor do disposto no art. 4 da LDC, tal e como sucede –por exemplo- respecto da obrigaición dos socios de participar na actividade cooperativizada ou de absterse de facer a competencia á sociedade, segundo o disposto nas letras c) e d) do art. 24 da Lei de Cooperativas de Galicia. Para un estudo máis detallado desta cuestión, constitúen unha referencia obrigada os traballos do profesor